R. 1222

---

## XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE VILALBA

### *Anuncio*

D<sup>a</sup> ANA MARÍA FREIRE PÉREZ, Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Vilalba, Lugo, CERTIFICA:

En cumprimento do disposto no art. 57 LOREG, os locais oficiais e lugares públicos reservados para a realización gratuítida de actos de campaña electoral polos concellos dependentes de esta Xunta, son os que se indican:

#### **CONCELLO DE BEGONTE**

En Begonte, antigo Grupo Escolar (actual Centro Socio-Cultural) fóra do horario de programación de actividades.

En Baamonde, Pavillón Municipal de Deportes, fóra do horario da programación de actividades.

Parroquias de Gaibor, Damil, Felmil, Saavedra e Illán, nos antigos locais escola, fóra do horario de programación de actividades.

Parroquias de Cerdeiras, Castro, Viris. San Vicente de Pena e Donalbai, nos antigos locais escola fóra do horario de programación de actividades.

#### **CONCELLO DE COSPEITO**

Lugares Públicos:

En Feira do Monte: Campo da Iglesia.

En Muimenta: Campo da Feira.

Locais Oficiais:

En Feira do Monte: Salón de Actos da Casa da Cultura.

En Muimenta: Salón de Actos do Centro Cultural “Manuel Gesto Varela”.

#### **CONCELLO DE GUITIRIZ**

Escola de Pardiñas, Villares, Labrada, Maríz, Buríz, Pígara, Santa Locaia, Sambreixo, Becín e Santa Mariña, estarán dispoñibles durante todos os días a calquera hora.

Pista Polideportiva cuberta en Parga, dispoñible fóra do horario lectivo.

Biblioteca Casa Cultura en Guitiriz, dispoñible todos os días previa solicitude ao Concello.

Escola Habanera, dispoñible en horas e días que se soliciten previamente no Concello.

Praza Campo da Feira.

#### **CONCELLO DE MURAS**

Colexio de Muras, Rúa da Margarida, todos os días a partires das 18,00 horas ata as 21.00 horas.

#### **CONCELLO DE VILALBA**

Salón de Actos da Biblioteca municipal durante todo o día.

#### **CONCELLO DE XERMADE**

Sala da Biblioteca Pública Municipal, todos os días en horario de 18 a 23 horas.

E para que conste en cumprimento do ordenado expido a presente para a súa remisión a Xunta Electoral Provincial e ao BOP para a súa publicación.

Vilalba, 23 de abril de 2024.- A Secretaria, Ana María Freire Pérez

R. 1186

## **EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

### **ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA**

#### *Anuncio*

#### **EDICTO**

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.**

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O INCIO	1º-trimestre-2024	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	1º-trimestre-2024	Taxa de suministro de auga, e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	1º-trimestre-2024	Taxa recollida de residuos sólidos urbanos
NAVIA DE SUARNA	1º-trimestre-2024	Taxa de recollida de lixo
POL	1º-trimestre-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O VICEDO	2º-semester-2023	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

#### **Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.**

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 30 abril de 2024 e finalizará o día 1 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O INCIO	1º-trimestre-2024	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	1º-trimestre-2024	Taxa de suministro de auga, e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	1º-trimestre-2024	Taxa recollida de residuos sólidos urbanos
NAVIA DE SUARNA	1º-trimestre-2024	Taxa de recollida de lixo
POL	1º-trimestre-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O VICEDO	2º-semester-2023	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extráven o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 15 de abril de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

R. 1059

## CONCELLOS

### BEGONTE

#### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**

#### **PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO – PLAN DEPUTACION DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024.**

Por Resolución desta Alcaldía de data 25 de abril de 2024, aprobáronse as bases que rexerán a selección en réxime laboral temporal, polo prazo de (6) meses e unhasornada do 100 % - mediante concurso – oposición, de 7postos de Peón de Obra Pública para a Brigada Municipal de Obras e Servizos, aoabeiro do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Deputacionde Cooperación cos Concellos de 2024.

As ditas bases están a disposición dos interesados napáxina web do Concello ([www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es)) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais a contar desde a publicación deste anuncio no “Boletín Oficial da Provincia”.

Begonte, 25 de abril de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1191

---

### Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data 16.04.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de febreiro de 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.980,71€ e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 118€.

Por resolución de Alcaldía de data 19.04.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de marzo de 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 6.030,53€ e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 125 €.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 24 de abril de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1192

---

## BÓVEDA

### Anuncio

#### APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 29 de abril de 2024, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2024, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días hábiles dende a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>).

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Bóveda, 29 de abril do 2024.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1207

---

## CERVANTES

### Anuncio

#### Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 23 de abril de 2024, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (1º trimestre de 2024).

Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (1º trimestre de 2024).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 25 de abril de 2024.- O alcalde, Benigno Gómez Tadin.

R. 1193

## COSPEITO

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 21 de marzo de 2024, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

##### 1.I. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr	Económica				
453	21000	Infraestructuras e bens naturais	30.000,00	12.500,00	42.500,00
453	22103	Combustibles e carburantes	18.000,00	12.500,00	30.500,00
453	61900	Outras Inversions de reposición	381.578,23	5.000,00 €	386.578,23
		TOTAL	429.578,23 €	30.000,00	459.573,23 €

##### 1.II. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr	Económica					
1532	13000	Retribucións básicas	72.196,53	68.623,53	12.000,00	56.623,53
162	13000	Retribucións básicas	23.817,30	23.817,30	12.000,00	11.817,30
920	12004	Sueldos del Grupo C2	19.371,16	19.371,16	6.000,00	13.371,16
		TOTAL	115.384,99	111.811,99	30.000,00	81.811,99

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 24 de abril de 2024.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvaríño.

R. 1194

### A FONSAGRADA

#### Anuncio

**Procedemento:** Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 379/2024

**Asunto:** Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de marzo de 2024

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 16 de abril de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2024, polo importe total de 13.151,87€ (dependencia) e 132€ (prestación básica).

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 16 de abril de 2024.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1195

### FRIOL

#### Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello, o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2024, por acordo adoptado en sesión Ordinaria celebrada o día vinte e un de marzo de dous mil vinte e catro, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que dito Orzamento ascende, tanto no seu Estado de Gastos como de Ingresos, a **cinco millóns douscentos cinco mil trescentos euros (5.205.300,00 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, según o seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	1.764.168,94.-
2	Gastos correntes en bens e servizos .....	2.325.344,24.-
3	Gastos financeiros.....	19.268,00.-
4	Transferencias correntes.....	160.592,66.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos .....	0,00.-
6	Investimentos reais.....	879.526,16.-

7	Transferencias de capital.....	56.400,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
<b>SUMA TOTAL DOS GASTOS.....</b>		<b>5.205.300,00.-</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	1.107.252,48.-
2	Impostos indirectos.....	146.125,00.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos .....	462.318,69.-
4	Transferencias correntes.....	2.794.341,26.-
5	Ingresos patrimoniais.....	10.971,48.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	597,68.-
7	Transferencias de capital.....	683.693,41.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
<b>SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....</b>		<b>5.205.300,00.-</b>

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar as bases de execución do orzamento, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, reservados ao persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do Orzamento no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes. Todo elo de acordo co disposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e que de seguido se transcribe. Indicar que en relación co persoal, no que respecta á Tesourería, estarase ao indicado na memoria da Alcaldía, os informes emitidos e a Resolución da directora xeral de Administración Local, de data 22 de marzo de 2017. No caso da relación de postos de traballo, visto o disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2005, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a súa exposición pública rematou o día 26 de abril de 2024, sen que se formularsen reclamacións. Polo tanto, considerase definitivamente aprobada a relación de postos de traballo que figura neste Edicto.

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2024:****A) - FUNCIONARIOS:**

DENOMINACIÓN	DOT	N.	C.E.M.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN	TITULACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	28	2.041,57	S	C	HABILI. ESTATAL	L. DEREITO
TÉCNICO M. - TESOUREIRO	1	26	1.666,37	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	D. UNIVERSI.
ADMINISTRATIVO	1	22	781,16	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO	1	22	780,28	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO/A (VACANTE-NOVA CREACIÓN)	1	20	725,00	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
VIXIANTE MUNICIPAL	1	14	550,80	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	G. ESCOLAR

DOT=Dotación; N.=Nivel; C.E.M.=Complemento Especifico mensual (14 meses); T.P.=Tipo de puesto; S=singularizado; N=No singularizado; F.P.=Forma de provisión; C=Concurso; OP=Oposición; COP=Concurso Oposición.



**CONTIDO DO POSTO DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVO/A de nova creación:**

- Principais funcións do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Reponsable de Servizo do GES - Grupo de Emerxencia Municipal-, tramitación do expediente de subvención en todo o seu percorrido, tanto coa administración autonómica como coa Deputación provincial, ademais de trámites con empresas subministradoras, partes mensuais dos traballadores e todo o necesario que pode xurdir e que esté dentro da súa competencia, para o bo funcionamento do servizo indicado.

Apoiar e colaorar cos restantes servizos municipais na redacción de documentos que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas (XESTIONA, FACE, etc.).

Atención ao público directamente ou por teléfono, todos os días da semana, salvo que sexa autorizado/a pola alcaldía ou tenencia de alcaldía a un número menor de días de atención ao público.

Confección de notificacións ou comunicacións na súa materia.

Substitución, se é necesario, doutros postos de categorías similares, durante ausencias, permisos ou vacacións, de acordo cos calendarios de traballo.

Utilización de follas de cálculo e bases de datos informatizadas, así como o mantemento actualizado das mesmas.

Manexo de programas informáticos como os de Wintask Taxas, Padrón de Habitantes, Vehículos e outros que resulten necesarios (SIOTUGA, etc.).

Asistencia ao posto de traballo de contabilidade, recadación e tesourería.

Xestións coa mútua, na actualidade EGARSAT.

Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

**B) PERSOAL LABORAL FIXO:**

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
TRABALLADOR SOCIAL - SERVIZOS SOCIAIS	1	TRABALLO SOCIAL	
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	DIPLOMADO	
ENCARGADA DO P.A.I.	1		VACANTE
PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.	1		VACANTE
PEÓN	1	E. PRIMARIOS	
ENCARGA. BIBLIOTECA E SECRETARÍA XULGADO DE PAZ	1	B. SUPERIOR	
OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	
OFICIAL 1ª, ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ES. OU E.S.O.	CUBERTA
OFICIAL 1ª, DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ES. OU E.S.O.	CUBERTA
OFICIAL 1ª DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ES OU E.S.O.	VACANTE PROMOCIÓN INTERNA
PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	ESTUDIOS PRIMARIOS	VACANTE
ATENCIÓN TEMPERÁ.- TERAPEUTA OCUPACIONAL	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA
ATENCIÓN TEMPERÁ.- PSICÓLOGO/A	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA
ATENCIÓN TEMPERÁ.- ENFERMEIRO/A	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA
ATENCIÓN TEMPERÁ.- LOGOPEDA	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA

**ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2024:****1).- PERSOAL LABORAL CONTRATADO/TEMPORAL (NON FIXO):**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Persoal do P.A.I.	2	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención Temperá.- Terapeuta ocupacional	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención Temperá.- Psicóloga	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención Temperá.- Enfermeira	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención Temperá.- Logopeda	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
GES.- Grupo de emerxencia supramunicipal.- Peóns	12	Xornada completa
Aprol Rural.- Peón	1	Xornada completa (9 meses)
Risga.- Peón	2	75% da xornada (9 meses)
Reforzo do emprego.- Peón de servizos de usos múltiples	1	Xornada completa (6 meses)
Reforzo do emprego.- Peón de servizos de usos múltiples	2	75% da xornada (5 meses)
Obradoiro dual de emprego Cumes da Terra Chá VII.- Alumno- traballador	20	Xornada completa (12 meses) Inicio en novembro de 2023
Obradoiro dual de emprego Cumes da Terra Chá VII.- Director	1	Xornada completa (12 meses) Inicio en novembro de 2023
Obradoiro dual de emprego Cumes da Terra Chá VII.- Administrativa	1	Media xornada (12 meses) Inicio en novembro de 2023
Obradoiro dual de emprego Cumes da Terra Chá VII.- Monitor	2	Xornada completa (12 meses) Inicio en novembro de 2023
Socorristas (piscinas municipais)	2	Xornada completa (3 meses)

**CADRO DE PERSOAL ANO 2024:****1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

<b>Secretario - Interventor</b> Habilitación Estatal	A1/A2	Propiedade
<b>Técnico-Medio - (Tesoureiro *)</b> Administración Especial	A2	Propiedade
<b>Administrativo</b> Administración Xeral	C1	Propiedade
<b>Administrativo</b> Administración Xeral	C1	Propiedade
<b>Administrativo/a</b> Administración Xeral	C1	Vacante (nova creación)
<b>Vixiante Municipal</b> Administración Especial	C2	Propiedade

\*En relación coa Tesourería, estarase ao indicado previamente nesta Memoria e, ao que dispoña a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

**2. PERSOAL LABORAL FIXO:**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1	Xornada completa
Encargada do P.A.I.	1	Vacante
Persoal de apoio do P.A.I.	1	Vacante

Peón	1	Xornada completa
Peón de obras e servizos múltiples	1	Vacante
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa
Oficial 1ª, encargado de obras e servizos múltiples	1	Xornada completa
Oficial 1ª, de obras e servizos múltiples	1	Xornada completa
Oficial 1ª, de obras e servizos múltiples	1	Vacante (promoción interna)
Atención Temperá.- Terapeuta ocupacional	1	Vacante (ocupada por interina)
Atención Temperá.- Psicólogo/a	1	Vacante (ocupada por interina)
Atención Temperá.- Enfermeiro/a	1	Vacante (ocupada por interina)
Atención Temperá.- Logopeda	1	Vacante (ocupada por interina)

### 3.- PERSOAL EVENTUAL:

Ningún.

### 4.- ALTOS CARGOS:

DENOMINACIÓN	NÚMERO DE POSTOS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva
Concelleira Delegada da Alcaldía, Desenvolvemento Local, Cultura, Turismo e Sanidade	1	Dedicación parcial
Concelleiro Delegado de Emerxencias, Servizos Rurais, Traballo e Novas Tecnoloxías	1	Dedicación parcial

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Friol, 29 de abril de 2024.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1209

## GUITIRIZ

### Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo público do Centro de Día correspondente ao mes de abril de 2024, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de abril de 2024, integrado por 20 recibos por importe total de 6.771,95 €.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de abril de 2024, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 19 de abril de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1196

## MONDOÑEDO

### Anuncio

#### **APROBACIÓN INICIAL DO Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (PEPRICH)**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Mondoñedo, por delegación da Alcaldía – Presidencia (Decreto núm. 290/2023 de data 10 de xullo de 2023) da competencia que lle atribúe o artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 01 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo, cuxa parte dispositiva di o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (PEPRICH), elaborado pola Empresa “Oficina de Planeamiento, S.A.”, con CIF núm. A – 15.030.422, nos termos que obran no expediente.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e anunciarase nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

O período de información pública comezará a contar a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

**TERCEIRO.** Suspender o outorgamento das licenzas de parcelación, edificación e demolición, na totalidade do ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico de Mondoñedo. Non obstante, de acordo co establecido no art. 86.3 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, a suspensión de licenzas non afectará:

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor (Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (PEPRI) e Plan Xeral de Ordenación Municipal) e o Plan Especial aprobado inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

A suspensión de licenzas terá unha duración máxima de dous anos contando desde a aprobación inicial do Plan Especial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento (art. 47.2 LSG)”

A duración da suspensión é de dous (2) anos contando dende a aprobación inicial do Plan Especial, e en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

**CUARTO.** Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados polo ámbito do Plan.

**QUINTO.** Solicitar ás Administracións Afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe aos efectos regulados na Lexislación sectorial. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable”.

Mondoñedo, 25 de abril de 2024.- O ALCALDE – PRESIDENTE, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1197

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### Anuncio

#### APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO DE 2024

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 11 de abril de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Marzo de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Marzo de 2024: 2.753,19 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de maio de 2024 e o 01 de xullo de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 18 de abril de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1198

## O VICEDO

### Anuncio

Tendo sido aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o orzamento municipal para o exercicio económico de 2024, segundo o acordo acadado na sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo 2024, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que o citado orzamento ascende tanto en gastos coma en ingresos, á contía de TRES MILLÓNS CEN MIL EUROS (3.100.000,00 euros) correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	
	<b>A-1 Operacións correntes</b>	
1	Gastos de persoal	1.487.511,31
2	Gastos en bens correntes e servizos	915.766,31
3	Gastos financeiros	1.000,00
4	Transferencias correntes	96.940,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	72.719,49
	<b>A-2 Operacións de capital</b>	
6	Inversións reais	526.062,89

7	Transferencias de capital	
	<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
8	Activos financeiros	
9	Pasivos financeiros	
	<b>TOTAL GASTOS...</b>	3.100.000,00

**ESTADO DE INGRESOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	
	<b>A-1 Operacións correntes</b>	
1	Impostos directos	881.902,95
2	Impostos indirectos	24.297,54
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	269.344,34
4	Transferencias correntes	1.490.162,11
5	Ingresos patrimoniais	2.758,80
	<b>A-2 Operacións de capital</b>	
6	Alleamento de investimentos reais	
7	Transferencias de capital	431.534,26
	<b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
8	Activos financeiros	---
9	Pasivos financeiros	---
	<b>TOTAL INGRESOS...</b>	3.100.000,00

Na citada sesión, tamén se aprobou o cadro de persoal da Corporación que, consonte ó preceptuado no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, reproducécese de seguido:

**CADRO DE PERSOAL:-**

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	EFFECTIVOS	GRUPO	CD
1.- <u>Escala de Habilitación Estatal</u> Subescala: Secretaría-Intervención. Secretario-Interventor.	1	A1	28
2.- <u>Escala de Administración Xeral</u> Subescala: Auxiliar Administrativo Auxiliares Administrativos. ( 1 vacante; 1 interino/estabilización) Subescala: Subalerno Alguacil de Servizos Múltiples (interino)	3	C2	18
3.- <u>Escala de Administración Especial</u> Subescala: Técnica. Técnico de Urbanismo (75%) (interino) Subescala Servizos Especiais Operario de Servizos Múltiples	1	A1/A2	24
	1	E	14
B) FUNCIONARIOS INTERINOS	EFFECTIVOS	GRUPO	CD
1.- <u>Escala de Administración Xeral</u> Subescala: Auxiliar Administrativo			

Auxiliar Administrativo (art. 10.1 c) TREBEP)	1	C2	18
---	---	----	----

2.- Escala de Administración Especial

Subescala: técnica

Axente TIC (53,33%) (art. 10.1 c) TREBEP)	1	B	16
---	---	---	----

**C) PERSONAL LABORAL FIXO**

EFFECTIVOS

GRUPO

CD

Traballador Social (estabilización)	1	A2	24
Encargado Centro Socio-Cultural	1	A2	24
Axente de emprego e desenvolvemento local (estabilización)	1	A2	21
Técnicos de educación infantil (estabilización)	2	B	16
Auxiliar administrativo servizos sociais (75%) (estabilización)	1	C2	18
Padexeiro/Operario Servizos Múltiples	1	E	14
Peón condutor (estabilización)	1	E	14
Peón recollida de lixo de (estabilización)	1	E	14
Auxiliar axuda a domicilio (100%)	3	E	14
Auxiliar axuda a domicilio (99%)	1	E	14
Auxiliar axuda a domicilio (85,33%)	1	E	14
Auxiliar axuda a domicilio (80%)	2	E	14
Auxiliar axuda a domicilio (64%)	1	E	14
Limpadora Casa Consistorial e outros (estabilización)	1	E	14
Limpadora Casa cultura e outros (70%) (estabilización)	1	E	14

**D) PERSONAL LABORAL TEMPORAL**

EFFECTIVOS

GRUPO

Educadora social	1	A2
Auxiliar administrativo Xulgado de Paz (40%)	1	C2
Auxiliar administrativo Plan único 2024	1	C2
Auxiliar de información turística plan único 2023	1	C2
Auxiliar de información turística plan único 2024	1	C2
Animador sociocultural	1	C2
Auxiliar de axuda a domicilio (100%)	1	E
Auxiliar de axuda a domicilio (85,33%)	1	E
Peón de servizos múltiples Plan Único 23	1	E
Peóns de mantemento de zonas naturais Plan Único 23	2	E
Peóns de protección de medio ambiente e espazos naturais	4	E
Peón de servizos múltiples Plan Único 24	1	E
Peóns de mantemento de zonas naturais Plan Único 24	2	E
Vixiantes de espazos naturais Plan Único 24	3	E

**E) PERSONAL EVENTUAL: NINGÚN.-**

O cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións e axudas que este Concello poida recibir para financiar a contratación de persoal para obras e servizos determinados, tales como as que podan

proceder da Comunidade Autónoma ou outros organismos públicos, ou ben, por necesidades urxentes ou inaprazables.

Consonte ó preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderase interpor directamente recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso – administrativa.

O Vicedo, 25 de abril de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1199

---

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **Aprobación definitiva da mutación demanial obxectiva de dominio público viario**

O Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria que tivo lugar o 14/03/2024, aprobou inicialmente o cambio de uso das parcelas 9024 e 9027 do polígono 32 como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un uso público:

- Polígono 32 parcela 9027, cunha superficie de 2.535,00 metros cadrados (segundo catastro): aparcadoiro de vehículos ao aire libre.

- Polígono 32 parcela 9024, cunha superficie de 2.066,00 metros cadrados (segundo catastro): zona especial para autocaravanas.

O expediente someteuse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 070 do 23/03/2024, a sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>] e taboleiros de edictos do Concello, polo prazo dun mes, consonte ao disposto no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

No prazo de exposición pública non se recibiron alegacións, polo que se considera aprobado definitivamente o acordo.

Xermade, 24 de abril de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1200